



O CANDIL




1. Partimos da figura da góndola. O mesmo que fixemos nela, dobramos para dentro o vértice "c" pola liña de referencia.

O vértice "a" dobrámolo cara a atrás e cara a dentro, seguindo tamén a liña trazada na imaxe anterior.

O mesmo facemos co vértice "b", mais este dobrámolo cara a diante e cara a dentro.



2. E obtemos esta figura.



3. Na que non temos máis que darlle un xiro de 90°, abrírlle o bocal, e xa temos o candil feito.

O CATAMARÁN



1. Partindo da mesa, dobramos as patas como se amosa na figura.



2. Dobramos cara a atrás a figura anterior, pola liña marcada.

3. Separamos as partes que van formar as cadernas destes dous barcos.

Velaquí o catamarán.

Pono a navegar, que o fai moi ben.

